



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE DECEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se designan representantes da Comunidade Autónoma na Comisión Galega de Cooperación Local.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- Decreto polo que se acepta a doazón dunha colección de noventa e tres obras de arte propiedade de dona Carolina González Abad, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa conservación, estudo e exhibición no Museo de Belas Artes da Coruña.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Internacional O´Belén para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no centro de atención específica Montefiz.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha prórroga ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para a atención dos menores en réxime de internamento no centro de reeducación específica Concepción Arenal.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda e prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para a atención dos menores no centro educativo Monteledo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda e prórroga para o ano 2006 ao convenio de colaboración asinado pola Xunta de Galicia e a entidade Asociación Dignidad-Lugo para a atención de menores no centro educativo Xoán Vicente Viqueira.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das prórrogas dos convenios con diferentes entidades para a reserva e ocupación de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade, na provincia da Coruña.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das prórrogas dos convenios con diferentes entidades para a reserva e ocupación de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade, na provincia de Lugo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do convenio coa entidade Asociación Club Recreativo As Burgas para a reserva e ocupación de prazas no centro ocupacional As Burgas, na provincia de Ourense.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das prórrogas dos convenios con diferentes entidades para a reserva e ocupación de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade, na provincia de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se prorroga o prazo para resolver o concurso público para outorgar, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de televisión dixital, de cobertura local, segundo demarcacións, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se prorroga o prazo para resolver o concurso público polo procedemento aberto para outorgar, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de radiodifusión sonora dixital, de cobertura local, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se prorroga o prazo para resolver o concurso público para outorgar, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de radiodifusión sonora dixital, de cobertura autonómica, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



- Acordo polo que autoriza a prórroga e a inclusión dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Administración autonómica e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A.
- Acordo polo que se ratifica a Resolución do director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, de data 13 de decembro de 2005, pola que se ordena o exercicio das accións xudiciais que procedan e, en concreto, a interposición de recurso contencioso administrativo contra a desestimación, polo Concello de Sada, da petición de revisión de oficio da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 1 de setembro de 2005 así como contra distintos acordos da Xunta de goberno local sobre concesión de licenzas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Quiroga, para a realización da travesía de Quiroga.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), para o cofinanciamento do proxecto ICHNOS e o cofinanciamento da contratación de tecnólogos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para a execución do proxecto de mellora e alargamento da estrada de Ordes a Cerceda por Virís, en Cerceda.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Empresa-Universidade Galega, para o desenvolvemento de accións do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda e xestión para a realización dos traballos de diagnóstico de enfermidades dos animais sometidos a programas oficiais de control e erradicación.



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución das obras de construción dun novo campo de fútbol en Pasarón e dun complexo deportivo na Parada, na cidade de Pontevedra.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Ribadeo para o financiamento das obras de dotación de pavimento deportivo no Pavillón Polideportivo número 2.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da primeira addenda ao contrato programa de data 1 de xaneiro de 2005, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública de Medicina Xenómica, pola que se amplía, para algúns centros, o orzamento estimado do módulo 1 para o ano 2005.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Española de Normalización e Certificación para impulsar as actividades de normalización e promoción de calidade de aprovisionamento/subministración dos centros sanitarios públicos da Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de estudos sobre corzos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización dun estudo sobre as afeccións no medio físico e hidroloxía do tramo inferior do río Umia e a súa desembocadura, producidos pola construción e funcionamento do encoro de Caldas de Reis.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Cervo, para o acondicionamento da ruta de sendeirismo de Sargadelos á Rueta.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Becerreá, para a construción dun punto limpo.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10 por cento do importe da subvención, no momento da concesión, na orde pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio asinado o 7 de abril de 2003 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Lugo S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do dito organismo do parque empresarial de Quiroga.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 5 de novembro de 2004 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestur Lugo S.A. para a urbanización da segunda fase do parque empresarial de Xermade.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 12 de abril de 2002 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Lugo S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do dito organismo no parque empresarial de Xove (2ª fase).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 7 de abril de 2003 entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Lugo S.A. para a xestión e o alleamento das parcelas propiedade do dito organismo no parque empresarial de Xove (Fase A).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 7 de xaneiro de 2004 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Lugo S.A. para o financiamento dos traballos técnicos dun parque empresarial no Concello do Corgo.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 25 de xuño de 2004 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur



Lugo S.A. para a urbanización da primeira fase do parque empresarial de Palas de Rei.

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 31 de marzo de 2003 entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Coruña S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do dito organismo no parque empresarial do Vidrieiro-Pontedeume
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 22 de abril de 2003 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Coruña S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do dito organismo no parque empresarial de Pazos-Verín.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 5 de xuño de 2003 entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Ourense S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do dito organismo no polígono de actuación número 1 do parque empresarial de Celanova.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio suscrito o 31 de marzo de 2003 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Ourense S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do dito organismo no polígono de actuación número 1 do parque empresarial de Ribadavia

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as axudas ás entidades privadas sen fin de lucro para o fomento do uso social da lingua galega.
- Informe do conselleiro de Economía e Facenda sobre as perspectivas financeiras na Unión Europea 2006-2013.



VICEPRESIDENCIA INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO MONTEFIZ (OURENSE)

- *Prorróganse convenios coa Fundación “Diagrama Intervención Psicosocial” e coa “Asociación Dignidad-Lugo” para o coidado de menores en centros*
- *Dedícanse 4,5 millóns de euros para prórrogas de financiamento de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a “Fundación Internacional O Belén” para a atención de menores en réxime de internamento terapéutico no centro de atención específica Montefiz (barrio de Montealegre-Ourense), para o que o departamento autonómico achega 1.020.228 euros.

Mediante este convenio, no centro Montefiz atenderanse menores con medidas xudiciais de internamento terapéutico, por padecer anomalías ou alteracións psíquicas. Ata o momento neste centro tamén se atendían menores tutelados con problemas de condutas de ambos os sexos de entre 14 e 18 anos, pero agora considérase que se trata con dous grupos de menores con problemáticas totalmente diferentes, polo que non é conveniente que compartan o mesmo espazo físico. O novo convenio que se vai asinar coa “Fundación Internacional O Belén” substituirá o anterior e servirá para adaptar o centro Montefiz ás novas necesidades.

Outros centros de menores

O Goberno galego autorizou tamén esta mañá a sinatura dunha prórroga da Vicepresidencia da Xunta coa Fundación “Diagrama Intervención Psicosocial” para a atención de menores en réxime de internamento no centro de reeducación específica Concepción Arenal (A Coruña), para o que se achegan 1.384.233 euros. A finalidade deste convenio será dar cumprimento á medida xudicial de internamento en réxime pechado, a través dun modelo socioeducativo de intervención, nun marco de contención e cunha configuración organizativa e dinámica altamente estruturada.

Coa Fundación “Diagrama Intervención Psicosocial”, a Vicepresidencia da Xunta prorrogará tamén outro convenio para a atención dos menores no centro educativo Monteledo (Ourense), no que se invisten 1.529.233 euros. Ata o de agora, neste centro soamente se daba cumprimento ás medidas xudiciais que levaban consigo o internamento pechado de menores e mozos, pero mediante este convenio admitirase en Monteledo todo tipo de internamento, non só pechado como ata agora.

Segundo o aprobado hoxe no Consello da Xunta, a Vicepresidencia asinará unha prórroga do convenio de colaboración coa entidade “Asociación Dignidad-Lugo” para



a atención de menores no centro educativo Xoán Vicente Viqueira, para o que achegará un investimento total de 401.154 euros.

Persoas con discapacidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe ademais a sinatura das prórrogas aos convenios de colaboración asinados con distintas entidades da provincia da Coruña para o financiamento de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade. En concreto, prorrogaranse os convenios con ASPABER-Asociación Comarcal de Pais de Disminuídos Psíquicos de Bergantiños (centro ocupacional de Carballo), ASPADEX-Asociación de Pais de Nenos Diminuídos Psíquicos da Comarca de Xallas (centro ocupacional de Cee), ASPAS-Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (centro asistencial Juan Vidán, en Santiago), Asociación Nosa Señora do Chamorro (centro ocupacional de Narón) e ASPRONAGA-Asociación Pro Persoas con Retraso Mental de Galicia (centro ocupacional Lamastelle, en Oleiros). O investimento global destas prórrogas é de 1.128.087 euros.

Na provincia de Lugo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar tamén prorrogará os convenios de colaboración asinados con distintas entidades para o financiamento de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade, cun orzamento total de 749.801 euros. As entidades coas que se prorrogarán acordos son a Asociación PRODEME-Asociación Comarcal para a Protección do Deficiente Mental (centro ocupacional "Abrente", en Monforte de Lemos) e coa Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl (centros asistenciais San Pablo e San Lázaro -en Mondoñedo- e San Vicente de Paúl -en Lugo-).

Na xuntanza de goberno de hoxe, autorizouse ademais a sinatura das prórrogas aos convenios asinados con diferentes entidades da provincia de Pontevedra para o financiamento de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade, cun investimento total de 2.495.593 euros. Prorróganse convenios coa Asociación Xerome Emiliani (centros asistencial e ocupacional na Guarda), APAMP-Asociación de Pais de Minusválidos de Pontevedra (centro asistencial en Vigo), Asociación de Pais de Paralíticos Cerebrais-AMENCER (centro asistencial en Pontevedra), Asociación Juan XXIII (centros asistencial e ocupacional en Pontevedra), Asociación Galega San Francisco-AGASFRA (centros de atención especializada para adultos e centro de atención especializada para menores en Vigo), Orde Hospitalaria San Juan de Dios (centro Fogar e Clínica San Rafael en Vigo), Congregación das Relixiosas "Escravas da Virxe Dolorosa" (centros de Mos e de Crecente) e entidade "O Pelouro" (centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración en Tui). Por último, a Vicepresidencia prorrogará o convenio de colaboración coa Asociación Club Recreativo As Burgas para a atención a persoas con discapacidade no centro ocupacional "As Burgas", sito en Barbadás (Ourense). Nesta prórroga para 2006, a Vicepresidencia inviste 130.354 euros.



DESIGNADOS OS REPRESENTANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA NA COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN LOCAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se designan os representantes da Comunidade Autónoma na Comisión Galega de Cooperación Local.

Así, ademais do presidente da Xunta e do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, tamén serán membros da comisión os directores xerais de Orzamentos, de Urbanismo, e de Administración Local; o secretario xeral de Relacións Institucionais; e os secretarios xerais das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Traballo, Innovación, Medio Rural e Vivenda.

A Comisión Galega de Cooperación Local é un órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais. Esta comisión está integrada paritariamente por representantes da Comunidade Autónoma e das entidades locais



O CONSELLO ACORDA PRORROGAR DURANTE TRES MESES O PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DAS LICENZAS DE TELEVISIÓN DIXITAL DE COBERTURA LOCAL E DAS RADIOS DIXITAIS DE COBERTURA LOCAL E AUTONÓMICA

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión deste xoves, establecer un prazo de tres meses de prórroga para a resolución do concurso público polo que se outorgará, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de radiodifusión sonora dixital, de cobertura local, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, tamén se acordou no Consello da Xunta prorrogar o tempo previsto para resolver a adxudicación provisional do concurso público para a xestión indirecta do servizo público de radiodifusión sonora dixital de cobertura autonómica, por tres meses.

Ademais, o Goberno galego decidiu hoxe prorrogar a adxudicación de licenzas de televisión dixital, de cobertura local, no ámbito da Comunidade Autónoma, durante tres meses máis.

Dado que o calendario de fases e tempos de resolución da concesión de radios locais e autonómicas e das licenzas de televisión dixital de cobertura local coincidiu no tempo, o Consello da Xunta considera conveniente prorrogar o tempo previsto para resolver a adxudicación provisional da licitación de radiodifusión sonora dixital de cobertura local e autonómica durante tres meses máis, así como da televisión dixital de cobertura local.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA DESTINARÁ 760.000 EUROS AO FOMENTO DO USO SOCIAL DA LINGUA GALEGA NAS ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

▪ *Estas axudas serán recollidas nunha orde, que será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística financiará, cun total de 760.000 euros, o fomento da lingua galega dentro das entidades privadas sen ánimo de lucro. Estas axudas serán recollidas nunha orde, que hoxe foi presentada ao Consello da Xunta polo conselleiro de Presidencia, que será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia.

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde as entidades privadas sen fin de lucro legalmente constituídas tales como as federacións e confederacións; as organizacións non gobernamentais; os colexios profesionais; as cámaras de comercio; e as fundacións e institucións análogas.

Actividades subvencionables

Cada entidade solicitante poderá presentar un único proxecto tendo en conta unha serie de criterios que serán obxecto da subvención. Así, dentro das actividades subvencionables atópase o desenvolvemento de programas de normalización lingüística entre os asociados; a elaboración de programas informáticos específicos; a confección de documentación permanente e de material creativo de carácter informativo; a realización de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega tales como as de animación sociocultural, a elaboración de material lúdico, a celebración de certames, congresos, xornadas, premios ou cursos (agás os de galego, que son obxecto doutra convocatoria), campañas divulgativas ou obradoiros, entre outros; as accións publicitarias da entidade en calquera medio ou soporte; e os portais e páxinas web.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística terá en conta á hora de conceder as axudas o grao de normalización lingüística das entidades solicitantes (priorizando os proxectos que desenvolvan un plan xeral de fomento da lingua galega no ámbito autonómico); o carácter permanente da acción; a calidade, o grao de elaboración, creatividade e innovación do proxecto; a utilización de novas tecnoloxías; o número de asociados e, de ser o caso, o compromiso de



contratación de persoal para a realización dos proxectos ou plans para os que se solicita a axuda.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROGRAMA ESTATÍSTICO ANUAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2006

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se aproba o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, en execución do plan galego de estatística 2002-2006. O programa aprobado está integrado por un total de 150 actividades que inclúen estatísticas nas áreas demográficas, sociais, económicas e ambientais.

Entre as actividades incluídas que non figuraban no programa estatístico de 2005 figuran algunhas relativas aos intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España, ou o directorio de instalacións de produción para a acuicultura. Tamén se recolle o censo de persoas con minusvalidez dos residentes na Comunidade Autónoma e un estudo epidemiolóxico sobre o consumo de drogas.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACEPTA A DOAZÓN DUNHA COLECCIÓN DE NOVENTA E TRES OBRAS DE ARTE A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se acepta a doazón dunha colección de noventa e tres obras de arte propiedade de dona Carolina González Abad, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa conservación, estudo e exhibición no Museo de Belas Artes da Coruña.

A colección doada componse de pinturas e algunhas esculturas de destacados artistas galegos entre os que figuran Manuel Colmeiro, Laxeiro, Luís Seoane, Arturo Souto, Raimundo Patiño, María Antonia Dans, María Victoria de la Fuente, Lago Rivera, Alejandro González Pascual ou Cristino Mallo. Tamén se inclúen obras de artistas non galegos como Benjamín Palencia, Merino, Martínez Novillo, Antonio Saura, Orlando Pelayo e Valdivieso.

O conxunto, que será destinado ao Museo de Belas Artes da Coruña, suporá unha importante contribución aos fondos deste museo por canto enriquecerá a colección permanente do século XX galego con obras de autores que aínda non formaban parte do seu catálogo ou doutros que xa figuraban na devandita colección.



O CONSELLEIRO DE ECONOMÍA PRESENTA AO CONSELLO DA XUNTA UN INFORME SOBRE A POSICIÓN DE GALICIA TRAS O ACORDO SOBRE AS PERSPECTIVAS FINANCEIRAS DA UE PARA O PERÍODO 2007-2013

O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou hoxe ante o Consello da Xunta un informe sobre a repercusión en Galicia do acordo alcanzado a pasada fin de semana no Consello Europeo sobre as perspectivas financeiras da UE para o período 2007-2013. O informe considera que o acordo alcanzado foi altamente positivo para os intereses de Galicia xa que eliminou as incertezas sobre a recepción dos fondos estruturais no devandito período.

Segundo explicou o conselleiro o peche das negociacións neste ano supuxo a obtención da plena garantía sobre o mantemento de Galicia dentro das rexións incluídas no Obxectivo 1 xa que de non terse pechado o acordo, Galicia podería verse afectada, con toda probabilidade, polo efecto estatístico derivado da entrada de novos membros na UE o que suporía una diminución de fondos. O informe lembra que Galicia atópase entre as comunidades autónomas máis favorecidas polo resultado dos acordos polo que se considera que ábrese unha grande oportunidade para que Galicia acelere a súa converxencia coa media da UE. O novo horizonte, neste senso, asegura a participación galega nos mecanismos de solidariedade comunitarios gozando así dun período de transición antes do próximo escenario.

Tamén se destaca a repercusión que terá na Comunidade a creación dun Fondo Tecnolóxico específico dotado con 2.000 millóns de euros dirixido, principalmente, as rexións incluídas no novo Obxectivo Converxencia entre as que atópase Galicia. Neste senso, asegúrase que a Comunidade ten que aproveitar intensamente os recursos dispoñibles deste novo Fondo para avanzar na modernización da economía e consolidar as bases dun crecemento que teña como protagonistas a investigación e o desenvolvemento, a innovación e a plena incorporación á sociedade da información.

Igualmente, segundo o informe, cara ao novo período financeiro será necesario un importante esforzo de xestión e unha profunda implicación da iniciativa privada para acadar un intensivo aproveitamento dos fondos en proxectos de calidade vinculados aos temas de innovación e modernización.

Tamén destaca como elemento de grande importancia o feito de que a reorientación das prioridades de investimento dentro da Unión Europea coinciden plenamente coa orientación estratéxica plasmada nos orzamentos da Comunidade para o 2006. As dotacións para modernización económica e o crecemento fan fincapé, segundo lembra o informe, en programas de Investigación e Desenvolvemento; de sociedade da información; de Educación, e de modernización de empresas. O capital humano e o tecnolóxico constitúen, polo tanto, palancas principais do crecemento cara a un



modelo que impulse a produtividade e a competitividade e concilie a creación de emprego de calidade coas políticas sociais máis avanzadas.



A XUNTA INICIARÁ ACCIÓNS XUDICIAIS CONTRA O CONCELLO DE SADA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN QUE NON RESPECTAN AS NORMAS URBANÍSTICAS

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, ratificou a Resolución da Asesoría Xurídica Xeral pola que se acorda emprender accións xudiciais contra o Concello de Sada debido á concesión de licenzas de construción que non respectan as normas urbanísticas vixentes.

Deste xeito, a Administración Autonómica interporá un recurso contencioso-administrativo contra a decisión do Concello de Sada de desestimar a petición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de revisar de oficio a licenza para a construción de tres edificios para 77 vivendas, garaxes e rochos no lugar de Tarabelo. A dita licenza foi outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de Sada o pasado mes de abril.

Tamén se acordou iniciar accións xudiciais contra a concesión dunha licenza para a construción dun edificio en dous bloques destinado a 11 vivendas en Samoedo; e contra a concesión doutra licenza para a construción de dous edificios para 42 vivendas e garaxes no lugar de Tarabelo. Ambas as dúas licenzas foron outorgadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Sada o pasado mes de maio.

Por último, imporase recurso contencioso-administrativo contra a concesión dunha licenza de obra para a construción de catro edificios plurifamiliares destinados a seis vivendas cada un, no lugar de Os Tornos-Meirás, tamén outorgada o pasado mes de maio.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA A MELLORA E ALARGAMENTO DA ESTRADA DE ORDES A CERCEDA POR VIRÍS, NO CONCELLO DE CERCEDA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para o desenvolvemento das obras de mellora e alargamento da estrada de Ordes a Cerceda por Virís, no concello de Cerceda. O departamento autonómico achegará 1.082.818 euros para a execución desta actuación considerada prioritaria de cara á implantación de novos proxectos empresariais na zona.

O convenio regula a colaboración entre a consellería e o concello para levar a cabo o proxecto, que xa fora obxecto en xullo deste mesmo ano doutro convenio específico entre Innovación e Industria e o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras polo que o instituto se comprometía a achegar os fondos sinalados para o financiamento das obras.

A necesidade de diversificar industrialmente o concello de Cerceda para minimizar os efectos da paulatina redución da actividade mineira impulsou a creación do polígono de Acevedo que dada a súa boa acollida está a ser ampliado nestes momentos. Para contribuír á implantación de novos proxectos empresariais leváronse a cabo unha serie de proxectos de urbanización entre os que se considera de vital importancia a mellora e alargamento da estrada de Ordes a Cerceda por Virís.

O convenio que regula a execución desta actuación prolongará a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2007 e as achegas realizaranse con cargo aos orzamentos da consellería para os anos 2005, 2006 e 2007.



A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN CON FEUGA EN MATERIA DE I+D+I

▪ *O departamento autonómico achega máis de 217.500 euros á Fundación para a realización de distintas actuacións no marco do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica*

O Consello da Xunta acordou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) para o desenvolvemento de distintas accións do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT). En concreto, a consellería achegará 217.555,46 euros para que a Fundación realice a recompilación, ordenación e clasificación da información sobre plans e programas de I+D+i europeos, así como o asesoramento para a coordinación entre o Programa Marco e o Programa estatal de investigación co PGIDIT. Asemade, a FEUGA estudará as actuacións específicas de innovación tecnolóxica no sector empresarial e executará distintas accións no ámbito da sensibilización social en materia de I+D+i para dar a coñecer ao conxunto da sociedade galega a importancia que ten este ámbito de actuación como motor de desenvolvemento social.

Estas actuacións son continuación da colaboración establecida entre a Dirección Xeral de I+D+I e a Fundación na realización de actuacións conxuntas no ámbito do PGIDIT e especialmente en actividades de coordinación, avaliación e seguimento dos diferentes programas do Plan e actuacións de sensibilización social, que son de gran utilidade á consellería e ás universidades galegas que se integran no padroado de FEUGA.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA 80.000 EUROS PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO ICHNOS DO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) para o cofinanciamento do proxecto europeo INTERREG III C: ICHNOS ("Innovation and change: Network of One-stop Shop for business"), dada a transcendencia que ten este proxecto na implantación da Sociedade da Información e do Coñecemento no país. Deste xeito, a consellería achegará 80.000 euros para o desenvolvemento do ICHNOS, que conta cun orzamento total de 405.430 euros.

Así mesmo, a consellería achegará 65.352,80 euros para cofinanciar a contratación de tres técnicos de apoio na modalidade de infraestrutura científico-tecnolóxica complementando deste xeito a axuda concedida ao CESGA polo Ministerio de Educación e Ciencia que ascende a 210.823,20 euros.



MEDIO RURAL ENCOMENDA A EXECUCIÓN DO SANEAMENTO GANDEIRO DURANTE O 2006

- *A Consellería do Medio Rural encomenda a execución das probas de diagnóstico que permiten a detección de enfermidades a través da empresa pública Sanidad Animal y Servicios Ganaderos S.A. (TRAGSEGA) durante o vindeiro ano.*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para encomendar a execución dos traballos de diagnóstico de enfermidades dos animais sometidos a programas oficiais de control e de erradicación, por un importe de 11.300.000 euros.

A Consellería do Medio Rural ten entre os seus obxectivos a loita, control e erradicación das enfermidades dos animais. Dentro destas atópanse aquelas enfermidades que son obxecto dos programas oficiais de erradicación establecidos pola normativa estatal e comunitaria. Ademais, realizaranse accións preventivas encamiñadas a reducir o risco de enfermidades animais que poden ter incidencia na saúde pública.

A organización destes traballos realízase logo do recoñecemento da identificación das explotacións e dos animais, sendo necesaria a correlación coas bases de datos informáticas existentes. Moitas das probas de diagnóstico que permiten a detección das enfermidades son analíticas de laboratorio. Este servizo será executado pola consellería a través da empresa pública Sanidad Animal y Servicios Ganaderos, S.A. O prazo de execución dos traballos fíxase ata o 31 de decembro de 2006.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SINATURA DUNHA ADDENDA AO CONTRATO-PROGRAMA ENTRE O SERGAS E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

O Consello da Xunta acordou un incremento en 65.531,34 euros no financiamento da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, recollida no contrato-programa que ten co Servizo Galego de Saúde. O obxectivo é que a fundación poida atender toda a demanda de servizos dos hospitais públicos galegos, que está sendo sensiblemente superior ao orzamento estimado inicialmente.

Para atender o incremento de demanda rexistrado no Complexo Hospitalario de Ourense, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica recibirá 9.000 euros máis; para o Complexo Hospitalario de Pontevedra, recibe un aumento de 5.775,34; e outros 50.776 euros para o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. En total a fundación recibe máis de 590.000 euros.

O contrato agora ampliado está en vigor desde o pasado 1 de xaneiro de 2005 entre o Sergas e a Fundación Pública de Medicina Xenómica. O obxectivo establecido é a prestación sanitaria por parte da fundación, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria.



SANIDADE PRORROGARÁ OS CONVENIOS COS CONCELLOS E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVEN PROGRAMAS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS

A Consellería de Sanidade prorrogará os convenios asinados con 13 concellos galegos, e con máis de 20 asociacións sen ánimos de lucro que desenvolven programas de tratamento, prevención e reinserción social de drogodependentes. O obxectivo é que estes organismos continúen coas accións, actividades, programas e servizos que están a realizar neste campo.

O departamento sanitario do goberno galego destinará un orzamento de 7.064.946,68 euros. Esta cantidade repártese en 3.033.824,11 para os concellos de Burela, Cangas, Carballo, Monforte de Lemos, Noia, O Grove, Ourense, Pontevedra, O Porriño, Ribeira, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

Outros 3.313.420,14 millóns de euros dedícanse ás asociacións que desenvolven tratamentos a drogodependentes, e que son a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD), Alborada, ASFEDRO e Cruz Vermella de Lugo. Os 717.702,43 euros restantes están destinados para aquelas entidades sen ánimo de lucro dedicadas á prevención e incorporación social. Son as seguintes: Abeiro, Aliad, Antonio Noche, ATOX, Avante, Plan Comunitario Casco Vello de Vigo, Cimo, Consello da Xuventude de Galicia, Distrito Quinto, Érguete, federación nacional de asociacións de axuda ao drogodependente (FENAD), Madro, Neria, Renacer, Rexurdir, Asociación de Veciños do Barrio de Vite e Asociación Plan Comunitario de Teis.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA REALIZARÁN UN ESTUDO SOBRE HÁBITOS ALIMENTARIOS EN GALICIA

A Consellería de Sanidade quere coñecer a frecuencia de consumo de alimentos e a inxesta de enerxía, macronutrintes, vitaminas e minerais da poboación galega maior de 18 anos de idade. Tamén quere determinar a prevalencia de sobrepeso e obesidade da poboación. E por último, estimar a prevalencia de determinados hábitos e estilos de vida como a actividade física da poboación galega.

Para todo isto, a Consellería de Sanidade asinará un convenio que hoxe autorizou o Consello da Xunta, e que o departamento sanitario porá en marcha coa Universidade da Coruña e coa FUAC (Fundación Universidade da Coruña).

O departamento que dirixe María José Rubio Vidal considera a alimentación como un dos factores primordiais para acadar un estilo de vida saudable. Por iso resulta necesario coñecer os hábitos alimentarios da poboación galega por riba dos 18 anos, para, se procede, modificalos e utilízalos como instrumentos de promoción da saúde e prevención de enfermidades. Outro dos obxectivos de coñecer estes hábitos será poñer en marcha políticas de alimentación e nutrición axeitadas, así como estratexias de control dos alimentos que se poñen no mercado, e das industrias alimentarias.

A FUAC, institución dependente da Universidade da Coruña sen ánimo de lucro, será a encargada de realizar este estudo xa que ten coma un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten o desenvolvemento sanitario de Galicia. Tamén prestarán a súa colaboración os investigadores do Instituto Universitario de Ciencias da Saúde da UDC.

A Consellería de Sanidade destinará unha partida de 250.000 euros para a realización desta investigación.



AUGAS DE GALICIA ENCARGA UN ESTUDO Á UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE OS EFECTOS DO ENCORO DE CALDAS DE REIS NO RÍO UMIA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, encarga un estudo á Universidade de Vigo sobre as afeccións que producen a construción e o funcionamento do encoro de Caldas de Reis no medio físico e na hidroxía do tramo inferior do río Umia e a súa desembocadura. Augas de Galicia destinará un total de 60.000 euros, repartidos en dúas anualidades (2005 e 2006), para financiar este estudo que elaborará o departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente da Universidade viguesa, baixo a dirección do profesor Enrique Valero Gutiérrez del Olmo.

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización deste traballo. O estudo inclúe unha avaliación e un diagnóstico da situación actual do río Umia e os posibles cambios producidos desde o inicio da construción do encoro de Caldas de Reis. O devandito departamento da Universidade de Vigo tamén realizará un seguimento periódico dos indicadores ambientais co fin de determinar as súas tendencias; fará un exhaustivo estudo do mantemento do caudal do río así como da calidade das súas augas.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 215.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN BECERREÁ

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vai construír un punto limpo no concello lugués de Becerreá. Trátase dun recinto de recollida selectiva de residuos producidos no ámbito familiar. A creación desta infraestrutura require un investimento de 215.000 euros, que serán achegados integramente polo departamento autonómico.

A creación deste punto limpo é posible grazas a subscrición dun convenio de colaboración entre a consellería e a o Concello de Becerreá. Precisamente, no día de hoxe o consello da Xunta aprobou o acordo que permitirá realizar esta infraestrutura.



MEDIO AMBIENTE ACONDICIONA UNHA RUTA DE SENDEIRISMO NO CONCELLO DE CERVO

▪ *O itinerario, que require un investimento de 60.098 euros, discurre entre a zonas de Sargadelos e A Rueta*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acondicionará unha ruta de senderismo entre Sargadelos e A Rueta, no concello lugués de Cervo. Esta actuación require un investimento de 60.098 euros por parte de departamento autonómico que dirixe Manuel Vázquez. As obras están financiadas con achegas do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (Feoga).

Este acondicionamento será posible grazas á sinatura dunha addenda a un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Cervo, que posibilita esta actuación.



MEDIO AMBIENTE AMPLÍA O SEU CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA SEGUIR CON NOVOS ESTUDOS SOBRE OS CORZOS

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ampliará ao vindeiro ano o convenio que ten subscrito coa Universidade de Santiago desde 2003 para a realización de estudos sobre os corzos en Galicia. O departamento autonómico, que achegará 15.000 euros en 2006 para este fin, pretende que estes traballos inclúan a presente campaña de caza. Esta extensión do estudo permitirá ademais superar dificultades atopadas nalgunhas das operacións de campo realizadas en anos anteriores.

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a addenda pola que se amplía este convenio de colaboración. Os traballos da Universidade de Santiago sobre os corzos inclúe, entre outros aspectos, identificar nas poboacións destes animais posibles enfermidades de declaración obrigatoria e realizar un estudo xenético desta especie en diferentes zonas de Galicia e comparar os resultados cos obtidos noutros lugares da península ibérica e do resto de Europa.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE CONSTRUIRÁ EN PONTEVEDRA UN NOVO COMPLEXO DEPORTIVO E COLABORARÁ NO NOVO CAMPO DE PASARÓN

Pontevedra contará cun novo complexo deportivo grazas á actuación da Consellería de Cultura e Deporte. A través dun convenio que asinará co Concello e coa Deputación, o departamento que dirixe Ánxela Bugallo destinará 2.700.000 euros a construír as novas instalacións, que se situarán na Parda. Por outra banda, a consellería comprométese a participar nas obras do novo campo de fútbol de Pasarón.

Cultura e Deporte asumirá a construción do novo complexo deportivo nos vindeiros catros anos. Deste xeito, ata 2008 a consellería investirá na Parda 2.700.000 euros que se distribuirán nas seguintes anualidades: 80.000 euros en 2005, 458.000 euros en 2006, 1.567.000 euros en 2007 e 595.000 euros en 2008.

Con este investimento a consellería reforza as infraestruturas deportivas na cidade co obxectivo de facilitarlles aos veciños e veciñas da zona a práctica de actividades deportivas.

O convenio co Concello e coa Deputación tamén recolle a colaboración da consellería no proxecto do novo campo de fútbol de Pasarón. A Consellería comprométese a dedicar 270.000 euros para a súa construción. Pola súa banda, o Concello achegará a este fin 3.750.000 euros e a Deputación, 4.500.000 euros.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE ACHEGARÁ 60.000 EUROS PARA DOTAR DE PAVIMENTO DEPORTIVO O PAVILLÓN DE RIBADEO

A Consellería de Cultura e Deporte asinará un convenio co Concello de Ribadeo para instalar un pavimento deportivo no pavillón polideportivo número 2 de Ribadeo, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a súa subscrición. A consellería destinará a este fin 60.000 euros, que cobren a gran parte dos 73.000 euros nos que están estimadas as obras.

No que reste deste ano a consellería adjudicará 30.000 euros e no próximo ano os restantes 30.000 euros comprometidos. Prevese que o novo pavimento estará finalizado ao longo do 2006. Esta actuación forma parte do programa da consellería que dirixe Ánxela Bugallo para mellorar as infraestruturas deportivas de base.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA INICIALMENTE CASE 43 MILLÓNS DE EUROS A POSTA EN MARCHA DE CURSOS DE FORMACIÓN DO PLAN FIP PARA O VINDEIRO EXERCICIO 2006

- *Estes cursos de formación profesional ocupacional están dirixidos aos desempregados e teñen por finalidade fomentar a súa cualificación e favorecer así o seu acceso a un emprego*
- *O obxectivo da Consellería de Traballo é que destes cursos se beneficien arredor de 30.000 desempregados galegos*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a orde para o ano 2006 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (FIP) na Comunidade Autónoma de Galicia. A contía total destinada a estes programas ascende inicialmente a 42.598.064 euros cofinanciados polo Fondo Social Europeo e a Administración do Estado.

O obxecto desta orde é establecer as condicións polas que se rexerá tanto a convocatoria como a execución das accións formativas do Plan FIP. Os cursos programados neste plan están dirixidos aos traballadores desempregados e teñen como finalidade a súa cualificación profesional a través dunha formación de calidade que mellore as súas posibilidades de emprego co obxectivo de favorecer o seu acceso ao mercado de traballo. O obxectivo da Consellería de Traballo é que no vindeiro ano se beneficien deste cursos arredor de 30000 desempregados galegos.

O Plan Galego de Formación Profesional establece que a formación profesional ocupacional constitúe unha vía fundamental para conseguir un incremento da competencia, da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral dos traballadores desocupados.

Os cursos de formación ocupacional poderán desenvolverse nos centros de formación profesional propios da Xunta, nos centros colaboradores de formación ocupacional homologados, nos locais das organizacións sindicais e empresariais, así como nas empresas ou grupos de empresas que presenten un proxecto formativo específico e cun compromiso de contratación de como mínimo o 60% dos participantes no curso.

Os beneficiarios deste plan será nos desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego, e para o acceso terán prioridade os parados de longa duración (desempregados menores de 25 anos que leven inscritos máis de seis meses como demandantes de emprego e os maiores de 25 anos que leven máis de 12 meses inscritos como demandantes de emprego), as mulleres e os discapacitados.



O cursos serán gratuítos, terán carácter presencial, neles impartirase obrigatoriamente o módulo *Formación para a Igualdade* e o número máximo de alumnos participantes en cada curso será de 15 persoas. Aqueles alumnos que acrediten vivir a máis de 50 quilómetros de distancia do centro de formación poderán percibir axudas de aloxamento e manutención, así mesmo, por primeira vez se establécense bolsas de desprazamento para todos os alumnos que participen nestes cursos.

Os cursos do Plan FIP inclúen prácticas en empresas coas que se complete a formación dos participantes. Estas prácticas poderán ser de dous tipos, ben incluídas no programa formativo do curso ou ben a maiores das súas horas lectivas. As primeiras son de carácter obrigatorio para os alumnos e as segundas serán voluntarias.

Os órganos instrutores do procedemento serán a Dirección Xeral de Formación e Colocación para as entidades con centros homologados en máis dunha provincia, e as correspondentes delegacións provincias da Consellería de Traballo para aquelas entidades con centros homologados nunha soa provincia.